



# Camiño♥Inglés

PAQUETE TURÍSTICO  
FERROL, PUNTO DE PARTIDA DO CAMIÑO INGLÉS

**Ferrol, inicio do Camiño Inglés, esconde unha riqueza patrimonial e un estilo de vida único e singular.**

**CITES**  
centro de iniciativas turísticas,  
económicas e sociais de ferrol



VIAXES  
**GALITUR**

Mm-XG-23

COLABORA:

**FERROL**



# O CAMIÑO INGLÉS “Á FERROLÁ”

O Camiño Inglés combina a ruta en barco co percorrido terrestre ata Santiago de Compostela. O seu punto de partida en terra firme é Ferrol, unha cidade ilustrada e modernista, con ricas tradicións culturais, artísticas e gastronómicas e cun estilo de vida único e singular.

Este programa vai dirixido a quen decida vivir a experiencia do Camiño desde o Peirao de Curuxeiras, en grupo ou de xeito individual para que, antes de iniciar a súa aventura Xacobeá, descubra e goce da cidade durante 3 días/2 noites coma se fose da man dun ferrolán/á.

E tamén para quen non sexa peregrin@ pero queira descubrir Ferrol por outros motivos, porque o mesmo paquete convídalle a vivir a experiencia de percorrer os primeiros pasos do Camiño Inglés, para o que contará coa credencial, o apoio e a información precisa para descubrir os sentimentos e as sensacións que es-

perta a ruta a Santiago e que, desde a Idade Media, foi percorrida por milleiros de peregrinos que chegaban en barco a Ferrol desde os países do norte de Europa. Unha experiencia que lle levará a percorrer unha etapa máis do Camiño Inglés ou doutra ruta a Santiago de Compostela.



# CARACTERÍSTICAS XERAIS

## Paquete dispoñible para:

- Reservas individuais, de 1 a 9 persoas.
- Reservas de grupos: a partir de 10 persoas.

**Estancia mínima en Ferrol:** dúas noites, e no caso de realizar o Camiño ata Santiago, as dúas noites previas ao comezo da peregrinación, aloxándose en establecementos de 2, 3 ou 4 estrelas.

**Data de chegada:** VENRES OU SÁBADOS.

## Servizos incluídos:

- Pack de benvida do CAMIÑO INGLÉS nas oficinas de turismo de Ferrol. Para grupos a benvida será no propio hotel. Inclúe Credencial, Concha do Peregrino, Folletos, etc.
- Dúas noites de aloxamento no hotel seleccionado en réxime de aloxamento e almorzo.
- Un "menú do peregrino" nun Rte. da cidade, en función do aloxamento elixido.
- Unha "mariscada do Camiño". Para grupos, inclúe queimada.
- Unha cea no aloxamento ou o servizo de picnic para o primeiro día de Camiño.
- Tres visitas a elixir entre as dispoñibles segundo data de chegada e situación sanitaria.
- Seguro de Asistencia en Viaxe e de Cancelación con coberturas extras por "Covid 19".

**Servizos NON incluídos:** Bebidas nas comidas/ceas e calquera outro non especificado.

## Resumen de garantías da póliza de asistencia en viaxe e anulación: ASISTENCIA + CANCELACIÓN

- Gastos médicos en España: 600 euros \*\*\*Franquía de 50 euros\*\*\*.
- Gastos odontolóxicos: 120 euros.
- Traslado sanitario de enfermos, feridos, restos mortais: Incluído.
- Prolongación de estancia en hotel por enfermidade ou accidente: 60 euros/día un máximo de 10 días.
- Desprazamento de persoa para acompañar ao asegurado hospitalizado: Incluído \*\*\*depende dos días de ingreso\*\*\*.
- Regreso de asegurado en caso de falecemento de familiar directo: Incluído.
- Perda, danos e roubo de equipaxe: Incluído ata 60 euros por obxecto individual e 600 euros por conxunto de artigos.
- Demora da equipaxe superior a 12 horas: 60 euros.
- Perda de conexión de voos: 45 euros.
- Gastos de anulación da viaxe non iniciada: 1.200 euros.
- Causas de anulación: ata 29 escusas.
- Gastos de interrupción da viaxe: 1.200 euros.
- Responsabilidade civil: 30.100 euros.
- Traslado ao hospital en caso de urxencia: Incluído.

# POSIBLES VISITAS A ELEXIR

## **Paseo en barco pola ría de Ferrol + Museo Naval (entrada gratuita) e Exponav (Museo da Construcción Naval).**

Museos situados en dependencias do Arsenal. Dous interesantes espazos nos que coñecer a historia da Mariña Española e os segredos da Construcción Naval.

## **Visita Ferrol Naval: Arsenal (peonil desde o Porto de Ferrol) + Exponav.**

A súa grandiosa arquitectura, ademais de cumprir funcións defensivas, amosaba o poderío da Coroa Española, polo que os seus edificios teñen as mellores fachadas cara ao mar. Este Ben de Interese Cultural mantense operativo na actualidade. O único en Europa, da súa época, que está en activo. Conta con dúas portas, a da Fama, que alberga o escudo de Felipe V que estaba no antigo Arsenal de A Graña (1726) e a Porta do Dique.

## **Visita Ferrol Gastronómico con aperitivo “ilustrado” (peonil, inclúe visita á lonxa e mercado).**

Visita turística, cultural e gastronómica para coñecer a historia de Ferrol e a súa xente, os oficios relacionados co mar, e con visita á lonxa, o mercado ou a peixaría, ademais de saborear algúns dos produtos máis succulentos que ofrece a ría ferrolá e os seus arredores, e cunha degustación especial da enogastronomía ilustrada propia da época dourada da cidade, o século XVIII.

## **“Experiencia PRIMEIROS PASOS DO CAMIÑO”.**

Peregrinación guiada pola Primeira Milla do Camiño con saída desde o Porto Curuxeiras e percorrendo o primeiro tramo do Camiño ata a Igrexa das Angustias, con posibilidade de continuar libremente ata a ermida de Caranza.

### Visita Ferrol Modernista.

O Modernismo é un dos segredos que esconde Ferrol e que sorprende gratamente ao visitante. A cidade presenta máis dunha vintena de edificacións modernistas, sendo moitas delas obra do arquitecto municipal Rodolfo Ucha Piñeiro. Foi nas primeiras décadas do S. XX cando chegou o Modernismo ou Art Nouveau a Ferrol e levántanse así edificios únicos que son auténticas xoias...

### Visita Ferrol Segredo.

Unha visita peonil polo centro histórico na que, ademais de coñecer a historia da cidade desde a súa orixe ata o presente, descubriremos curiosidades sobre os comercios tradicionais, o fala ferrolá, personaxes históricos, anécdotas divertidas... Todo coa idea de gozar de Ferrol e redescubri-lo.

### Visita ás Meninas de Canido.

Correrá a cargo do artista Eduardo Hermida, autor e creador da iniciativa, **e obradoiro pictórico dunha peza** que se sumará aos máis de 450 murais que visten o barrio. (Estas dúas actividades son de contratación conxunta).

As Meninas de Canido, baseadas na obra de Velázquez, son obras de arte urbana, que salpican as fachadas dun barrio outrora degradado e ruinoso, que rexorde grazas á acción duns cantos artistas e ao que chegou o mesmo Banský. Algunhas obras cobran vida coa APP de Realidade Aumentada.

### Visita Castelo de San Felipe.

É a construción militar máis importante de Ferrol. Situado fronte ao Castelo da Palma (en Mugardos) e do desaparecido castelo de San Martiño, as tres fortificacións converteron á Ría de Ferrol nun «triángulo de lume» que ningunha potencia inimiga de España atreveuse a atacar. Pola noite, os castelos de San Felipe e A Palma estaban unidos por unha cadea, impedindo así o paso de buques inimigos. Atribúese ao Almirante Pitt, a frase de que se Gran Bretaña tivese unha ría como esta, cos seus castelos, protexeríana cunha muralla de prata. San Felipe, en constante proceso de restauración, sorprende polo seu esquema construtivo e polas fermosas vistas da ría que se observan desde o seu emprazamento.

# ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES “AMIGOS DO CAMIÑO INGLÉS”

Busca este distintivo nos establecementos e espazos da cidade!




1. HOTEL CARRIS ALMIRANTE 4\*.
2. PARADOR DE FERROL 3\*.
3. HOSTAL ZAHARA (Hostal 2\*).
4. RTE. EL FORO con comida apta para celíacos (para cea de clientes aloxados no Hostal Zahara).
5. RTE. O CAMIÑO INGLÉS (para Menú Peregrino de clientes aloxados no Parador de Ferrol).
6. RTE. A MARUXAINA (para Menú Peregrino de clientes aloxados no Hostal Zahara).

7. TABERNA DO KRAKEN (para Mariscada do Camiño).
8. RTE. CASA LEXO (para Menú Peregrino de clientes aloxados no Hotel Carris Almirante).
9. SERVICIOS MARÍTIMOS (para o paseo en lancha pola ría de Ferrol).
10. MUSEO NAVAL (entrada gratuita).
11. EXPONAV (Museo da Construcción Naval).

## OUTROS ESTABLECEMENTOS RECOMENDADOS “AMIGOS DO CAMIÑO INGLÉS”

12. A CASA DO FUMADOR (detalles exclusivos do Camiño Inglés).
13. GASCÓN (doce do peregrino).
14. AMADOR (galletas do Camiño Inglés).
15. EL RÁPIDO (“La Ferrolana”, a cervexa do Camiño Inglés).
16. LA TIENDA DE BELÉN (chicharróns do peregrino).
17. FLORISTERÍA LA ILUSIÓN (flor do peregrino do Camiño Inglés).
18. LIBRERÍA CENTRAL LIBRERA (guías e libros do Camiño).
19. MUSEO DE SEMANA SANTA (entrada gratuita).



Canido

Esteiro

Parque  
RAIÑA SOFÍA

Magdalena

5

6

9

2

12

19

17

15

16

10

7

11

1

4

14

8

3



# AS NOSAS PROPOSTAS

## PAQUETE SEN ALOXAMENTO

65€

### PARA PEREGRINOS

Sábado	Domingo	Luns
<ul style="list-style-type: none"><li>- Pack de benvida na oficina de turismo.</li><li>- Visita libre de Ferrol Ilustrado con recomendacións para probar un viño e aperitivo ilustrado.</li><li>- Mariscada do Camiño.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada ao Arsenal Militar.</li><li>- Entrada a Exponav.</li><li>- Museo Naval (entrada gratuita).</li><li>- Paseo en barco pola ría de Ferrol.</li><li>- Aperitivo de despedida no Porto de Ferrol.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Inicio da peregrinación.</li></ul>

65€

### PARA NON PEREGRINOS

Venres	Sábado	Domingo
<ul style="list-style-type: none"><li>- Pack de benvida na oficina de turismo.</li><li>- Visita libre de Ferrol Ilustrado con recomendacións para probar un viño e aperitivo ilustrado.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada "Primeira Milla do Camiño".</li><li>- Entrada a Exponav.</li><li>- Museo Naval (entrada gratuita).</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada e obradoiro Meninas de Cenido.</li><li>- Aperitivo no Porto de Ferrol.</li><li>- Paseo en barco pola ría de Ferrol.</li></ul>

## PAQUETE CON ALOXAMENTO PARA INDIVIDUAIS (1 a 9 p.)

### PARA PEREGRINOS

Sábado	Domingo	Luns
<ul style="list-style-type: none"><li>- Pack de benvida na oficina de turismo.</li><li>- Visita Ferrol Gastronómico con aperitivo Ilustrado.</li><li>- Mariscada do Camiño.</li><li>- Visita libre de Ferrol Ilustrado con recomendacións para probar un viño e aperitivo ilustrado.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada ao Arsenal Militar.</li><li>- Entrada a Exponav.</li><li>- Museo Naval (entrada gratuita).</li><li>- Menú do peregrino con produtos típicos de Galicia.</li><li>- Paseo en barco pola ría de Ferrol.</li><li>- Aperitivo de despedida no Porto de Ferrol.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Xantar picnic para o inicio da peregrinación.</li></ul>

### PARA NON PEREGRINOS

Venres	Sábado	Domingo
<ul style="list-style-type: none"><li>- Pack de benvida na oficina de turismo.</li><li>- Visita libre de Ferrol Ilustrado con recomendacións para probar un viño e aperitivo ilustrado.</li><li>- Cea no hotel.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada "Primeira Milla do Camiño".</li><li>- Menú do peregrino con produtos gastronómicos típicos de Galicia.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada e obradoiro das Meninas de Canido.</li><li>- Mariscada do Camiño Inglés.</li></ul>

## PAQUETE CON ALOXAMENTO PARA GRUPOS (+10 p.)

### PARA PEREGRINOS

Sábado	Domingo	Luns
<ul style="list-style-type: none"><li>- Pack de benvida na oficina de turismo.</li><li>- Visita guiada de Ferrol Ilustrado con recomendacións para probar un viño e aperitivo ilustrado.</li><li>- Cea Mariscada do Camiño con espectáculo de queimada.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada ao Arsenal Militar.</li><li>- Entrada a Exponav.</li><li>- Museo Naval (entrada gratuita).</li><li>- Menú do peregrino con produtos gastronómicos típicos de Galicia.</li><li>- Paseo en barco pola ría de Ferrol.</li><li>- Aperitivo de despedida no Porto de Ferrol.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Xantar picnic para o inicio da peregrinación.</li></ul>

### PARA NON PEREGRINOS

Venres	Sábado	Domingo
<ul style="list-style-type: none"><li>- Pack de benvida no hotel.</li><li>- Visita guiada de Ferrol Ilustrado con un viño e aperitivo ilustrado.</li><li>- Cea con cata de viños do Camiño.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada "Primeira Milla do Camiño".</li><li>- Paseo en barco pola ría de Ferrol.</li><li>- Cea Mariscada do Camiño con espectáculo de queimada.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Visita guiada Ferrol Naval: Arsenal Militar, Exponav e Museo Naval.</li><li>- Visita guiada ás Meninas de Canido.</li></ul>

**\* PARA GRUPOS CON CARÁCTER RELIXIOSO, INCLÚE MISA NA IGREXA DE SAN FRANCISCO OU NA CONCATEDRAL DE SAN XIAO.**


# PREZOS DOS PAQUETES


Prezos dos paquetes para a tempada de verán 2021 (datas de inicio e fin supeditadas á situación da pandemia).

## PREZOS POR PERSOA EN HABITACIÓN DOBRE (IMPOSTOS INCLUIDOS)

TARIFAS PVP 2021	Parador de Ferrol 3*	Carris Almirante 4*	Hostal Zahara Pensión 2*
<b>Prezo por persoa</b>	285 €	255 €	235 €
<b>Suplemento Individual</b>	75 €	60 €	15 €

Rubalcava, 26  
15402 FERROL  
Móvil Ferrol: 696 953 427  
Tel: +34 981 930 706  
 +34 698 178 928

Hórreo, 19  
15702 SANTIAGO  
Tel: +34 981 580 408  
 +34 679 159 572

Club de Viajes by Galitur  
Juan Flórez, 40  
15004 A CORUÑA  
Móvil Coruña: 604 027 566  
Tel: +34 981 255 827  
 +34 604 024 330

Facebook: @viaxesgalitur  
Twitter: @GaliturViajes  
Instagram: @viaxesgalitur

info@viaxesgalitur.com

info@viaxesgalitur.com

clubdeviajes@viaxesgalitur.com

www.viaxesgalitur.com

**CITES**  
centro de iniciativas turísticas,  
económicas e sociais de ferrol



VIAXES  
**GALITUR**

Mm-XG-23

COLABORA:

**FERROL**